



INCRICIÓNS PARA SOLICITAR A PARTICIPACIÓN NAS COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS EXTERNAS 2026 (CGU e CEU)

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte, a través da Área de Deportes da Universidade da Coruña, abre o prazo para solicitar a participación nas competicións universitarias externas 2026 (CGU: campeonato galego universitario e CEU: campeonato de España universitario).

1. SOLICITANTES

Poderán solicitar ser incluídas todas aquelas persoas que pertencen á comunidade universitaria no curso 2025-26 (estudantes, PTXAS, PDI ou PCTI) e cumpran os requisitos que establece o Regulamento de participación en competición deportivas externas da Universidade da Coruña.

<https://www.udc.es/es/deportes/normativa/>

2. COMISIÓN DE VALORACIÓN

As solicitudes serán valoradas por unha comisión creada para o efecto.

Esta valoración realizarase seguindo os criterios de selección para a participación en competicións deportivas universitarias externas que dependerán dos seguintes aspectos:

- A viabilidade económica (desprazamento, aloxamento, manutención, etc.)
- Posibilidades deportivas na competición correspondente
- O informe favorable da persoa designada como seleccionadora ou polos correspondentes responsables técnicos

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía telemática, a través do formulario que aparece na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/es/deportes/competitions/>

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte á publicación deste anuncio ata o **12 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas**.

5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de



protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal> ou a <infodeportes@udc.gal>.

A solicitude da participación nas competición externas ou a súa modificación ao abeiro deste anuncio, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, coa finalidade da correcta xestión da participación nestas competicións. Toda a persoa que entre en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirá o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

A concorrência a esta convocatoria implica a publicación dos datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio dos dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos sexa xustificado con algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do RXPd. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites;
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).